

"XXI CROSS GUILLELME BROWN"

O sábado 3 de decembro de 2016 celebrarase o "XXI Cross Guillelme Brown", atendendo ás seguintes normas:

1.- HORARIO, CATEGORÍAS E PERCORRIDO:

Hora	Categoría	Ano de nacemento	Distancia
10:30	Cadete Feminino Xuvenil Feminino	2001-2002 1999-2000	3 voltas (2.520m)
10:45	Cadete Masculino Xuvenil Masculino	2001-2002 1999-2000	4 voltas (3.360 m)
11:00	Infantil Feminino	2003-2004	2 voltas (1.680 m)
11:15	Infantil Masculino	2003-2004	3 voltas (2.520 m)
11:30	Alevín Feminino	2005-2006	1 volta (840 m)
11:45	Alevín Masculino	2005-2006	2 voltas (1.680 m)
12:00	Benxamín Feminino	2007-2008	1 volta (840 m)
12:10	Benxamín Masculino	2007-2008	1 volta (840 m)
12:20	Prebenxamín	2009 e posteriores	400 m
12:30	Pais, nais e profesores do colexio		2 voltas (1.680 m)
12:45	Absoluta	1998 e anteriores	5 voltas (4.200 m)
13:30	Entrega de trofeos		

O percorrido, parte terra e herba, parte asfalto, realizarase no interior do recinto escolar.

2.- PARTICIPACIÓN:

Poderán participar todos os colexios, clubs e asociacións convidadas ao efecto cun só equipo por categoría sen número límite de corredores/as, e calquera atleta que o desexe a nivel individual.

3.- INSCRICIÓNS:

As inscricións, dos deportistas federados, realizaranse polos clubs na intranet da RFEA, antes das 24'00 horas do martes día 29 de novembro.

As inscricións, dos deportivos non federados, realizaranse por escrito en impresos separados por categorías e equipos Remítanse ao colexio Guillelme Brown preferiblemente por correo electrónico (colegiogb@gmail.com) no formato habilitado



para facelo ou por teléfono (988-259589) antes das 24'00 horas do martes 29 de novembro .

A Organización establece un límite de 500 inscricións.

O día da proba poderanse realizar os cambios que sexan precisos ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.

4.- DORSAIS:

Os dorsais serán facilitados pola organización e entregaranse 30 minutos antes do inicio do cross.

5.- CLASIFICACIÓNS:

Establécense dúas clasificacións:

a) **Individual;** segundo a orde de entrada en meta.

b) **Por equipos;** sumando os puntos obtidos polos catro atletas mellor clasificados/as de cada equipo, resultando vencedor o equipo que sume menor número de puntos.

6.- PREMIOS E TROFEOS:

a) Trofeo aos dous mellores equipos clasificados nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, tanto masculino como feminino.

b) Medalla aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría.

c) Bolsas a todos os participantes que cheguen á meta.

A clasificación será individual e por categorías (Prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e absoluta, tanto masculino como feminino).

7.- OUTROS APARTADOS:

1.- Debido ao carácter popular e sobretodo gratuito da proba, o colexio contará con 350 bolsas deportivas como agasallo para os participantes, que serán preferentemente para as categorías escolares e para os adultos en función da súa orde de chegada e ata acabar as existencias.

- 2.- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio, unha vez avisados polos xuíces.
- 3.- Aqueles corredores que posúan licencia federativa deberán indicar na ficha de inscrición o seu número.
- 4.- Ao longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
- 5.- A organización non se fai responsable dos danos físicos ou morais que se deriven da mencionada proba.
- 6.- O colexio Guillelme Brown facilitará un autocar para desprazamento dos equipos da cidade que presenten un mínimo de 30 participantes.
- 7.- Debido ao espírito totalmente deportivo e popular da proba, non se admitirán reclamacións.
- 8.- Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo.

"A Merteira", 2 de novembro de 2016.

A DIRECTORA

Asdo.- M^a Isabel Seara Mosquera.